

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**20724** *Lei 24/2009, do 22 de decembro, de modificación da Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, para a súa adaptación ao Tratado de Lisboa do 13 de decembro de 2007.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

##### I

O Tratado de Lisboa, asinado o 13 de decembro de 2007 polos vinte e sete Estados membros da Unión Europea, continuou o proceso iniciado no Tratado de Maastricht de 1992 de afondamento na participación dos parlamentos nacionais nos asuntos da Unión Europea. Dunha parte, o novo artigo 12 do Tratado da Unión Europea detalla e amplía as funcións dos parlamentos nacionais no funcionamento da Unión, funcións despois desenvolvidas noutros preceptos do tratado. Doutra, mediante dous protocolos anexos dedicados a esta materia: o Protocolo sobre o labor dos parlamentos nacionais na Unión Europea e o Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

Ao final da pasada lexislatura, a Comisión Mixta para a Unión Europea das Cortes Xerais, na súa sesión que tivo lugar o 18 de decembro de 2007, aprobou por unanimidade un extenso e detallado informe con que concluía máis de dous anos de actividade do grupo de traballo creado no seu seo para estudar a aplicación polas Cortes Xerais do Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa. O dito tratado foi ratificado polo Reino de España pero non así por outros Estados membros da Unión Europea, o que impediu a súa entrada en vigor. O grupo de traballo, tras a aprobación do Tratado de Lisboa, procedeu con carácter urxente a adaptar os seus traballos a este novo texto. Nas súas conclusións o informe facía diferentes suxestións e recomendacións co obxecto de adaptar a Lei 8/1994, reguladora da Comisión Mixta para a Unión Europea, ás previsións do Tratado de Lisboa.

Nesta lexislatura a Comisión Mixta para a Unión Europea constituíu no seu seo unha ponencia de estudo para a adaptación da referida Lei 8/1994 ás previsións do Tratado de Lisboa. A ponencia elaborou un texto consensuado que foi aprobado, por asentimento, pola citada comisión mixta na súa reunión do 24 de marzo de 2009 e que constitúe o contido desta lei.

##### II

O obxecto desta lei é adaptar a Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, ás previsións contidas no Tratado de Lisboa do 13 de decembro de 2007. Para iso, en primeiro lugar, amplía a relación de competencias da citada comisión mixta, incorporando as conferidas aos parlamentos nacionais polo Tratado de Lisboa.

Entre elas convén destacar as de control da aplicación do principio de subsidiariedade polas iniciativas lexislativas europeas, o denominado «sistema de alerta temperá»,

desenvolvido polo Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e de proporcionalidade, anexo ao Tratado de Lisboa. O dito procedemento, xestado inicialmente nos traballos da convención que preparou o texto do Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa, consiste, en esencia, en atribuír aos parlamentos nacionais a potestade de emitir ditames motivados sobre a aplicación do principio de subsidiariedade polas iniciativas lexislativas europeas ao comezo do procedemento lexislativo comunitario (en concreto, no prazo de oito semanas desde que se remiten ás institucións lexislativas da Unión Europea). Os efectos xurídicos deses ditames dependen do número de parlamentos nacionais que os emitan respecto de cada iniciativa, e van desde o novo exame da iniciativa pola Comisión Europea ata a posibilidade de que o Parlamento Europeo ou o Consello, por maiorías reforzadas, a poidan vetar, impedindo a súa tramitación lexislativa.

A lei atribúe á Comisión Mixta a potestade de emitir en nome das Cortes Xerais eses ditames motivados sobre a vulneración do principio de subsidiariedade, sen prexuízo de que os plenos do Congreso dos Deputados e do Senado poidan avocar o debate e a votación do ditame elaborado pola Comisión Mixta para a Unión Europea, nos termos en que prevegan os respectivos regulamentos das cámaras.

Por outra parte, a lei acolle a posibilidade prevista no protocolo anexo ao Tratado de Lisboa consistente en que os parlamentos nacionais poidan consultar os parlamentos rexionais que posúan competencias lexislativas. Esta posibilidade artículase de forma xeral mediante a remisión aos parlamentos das comunidades autónomas de todas as iniciativas lexislativas europeas, tan axiña como se reciban, sen prexulgar a existencia de competencias autonómicas afectadas. Os ditos parlamentos dispoñen dun prazo de catro semanas para que o seu ditame poida ser tido en conta pola Comisión Mixta, a cal, se aprobese un ditame motivado sobre a vulneración do principio de subsidiariedade por un proxecto de acto lexislativo da Unión Europea, deberá incorporar a relación dos ditames remitidos polos parlamentos das comunidades autónomas e as referencias necesarias para a súa consulta.

Tamén se confire á Comisión Mixta para a Unión Europea a potestade de solicitar do Goberno a interposición ante o Tribunal de Xustiza dun recurso de anulación contra un acto lexislativo europeo por infracción do principio de subsidiariedade, potestade que deberá exercer no prazo máximo de seis semanas desde a publicación oficial do acto lexislativo europeo. Non obstante, o Goberno poderá descartar, de forma motivada, a interposición do recurso de anulación solicitado por algunha das cámaras ou pola Comisión Mixta para a Unión Europea, decisión que se deberá xustificar mediante a comparecencia do Goberno ante a Comisión Mixta para a Unión Europea, cando esta así o solicite.

Outros procedementos de participación dos parlamentos nacionais nos actos da Unión Europea previstos polo Tratado de Lisboa son os de oposición a determinadas iniciativas que pode tomar o Consello Europeo de modificación das regras sobre maiorías e procedementos para aprobar actos lexislativos, o que se denominou como revisión simplificada dos tratados. Nestes casos, a oposición dun só Parlamento impide que poida ter efecto a decisión do Consello Europeo. No caso das Cortes Xerais, a proposición establece que corresponderá adoptar ese acordo aos plenos do Congreso dos Deputados e do Senado, por proposta da Comisión Mixta para a Unión Europea.

Finalmente, a lei encomenda con carácter xeral á Comisión Mixta para a Unión Europea as funcións que o Tratado de Lisboa atribúe aos parlamentos nacionais en relación coa avaliación das actividades de Eurojust e coa supervisión política de Europol, aínda que deixa aberta a posibilidade de que tamén poidan intervir nestas materias as comisións lexislativas competentes de cada cámara.

#### **Artigo primeiro.** *Obxecto da lei*

O obxecto desta lei é adaptar a Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, ás previsións contidas no Tratado de Lisboa do 13 de decembro de 2007.

**Artigo segundo.** *Modificación da Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea.*

A Lei 8/1994, do 19 de maio, pola que se regula a Comisión Mixta para a Unión Europea, queda modificada como segue:

Un. Introdúcese ao comezo do articulado o capítulo I coa rúbrica «Disposicións xerais».

Dous. A letra b) do artigo 3 queda redactada do seguinte modo:

«b) Recibir da Comisión Europea e doutras institucións da Unión Europea as propostas de actos legislativos e outros documentos, para a súa información, exame e seguimento.

O Goberno, coa maior brevidade posible, e a reserva dunha valoración definitiva, remitiralles ás cámaras un sucinto informe sobre o contido substancial daquelas propostas legislativas que teñan repercusión en España.

Cando a Comisión Mixta o considere oportuno, poderá solicitar do Goberno a ampliación da información recibida.»

Tres. Engáñdense as novas letras j), k), l), m) e n) ao artigo 3:

«j) Emitir en nome das Cortes Xerais, conforme o disposto na normativa europea aplicable, ditame motivado sobre a vulneración do principio de subsidiariedade, nos termos que se recollen no capítulo II desta lei.

Cando for necesario para as súas deliberacións, a Comisión Mixta para a Unión Europea poderá pedir ao Goberno un informe relativo á conformidade do acto legislativo co principio de subsidiariedade; o Goberno deberá remitir este informe no prazo máximo de dúas semanas, xunto cos documentos oficiais dos órganos da Unión Europea que se empregasen na preparación do proxecto legislativo e que estean en poder do Goberno.

Cando a Comisión o considere oportuno, poderá solicitar do Goberno a ampliación da información remitida.

k) Solicitar do Goberno a interposición do recurso de anulación ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por infracción do principio de subsidiariedade, conforme se indica no artigo 7 desta lei.

l) Participar nos procedementos de revisión simplificados dos tratados previstos no artigo 48.7 do Tratado da Unión Europea, nos termos establecidos no artigo 8 desta lei.

m) Recibir a información das solicitudes de adhesión á Unión Europea, conforme o previsto no artigo 49 do Tratado da Unión Europea.

n) Participar nas actividades de Eurojust e de Europol, nos termos establecidos nos artigos 12 do Tratado da Unión Europea e 85 e 88 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e adoptar as decisións previstas no artigo 81.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea sobre aspectos do dereito de familia con implicacións transfronteirizas.»

Catro. Introdúcese un novo capítulo II coa rúbrica «Control polas Cortes Xerais da aplicación do principio de subsidiariedade polos proxectos de actos legislativos da Unión Europea», co seguinte contido:

«Artigo 5.

1. A potestade de aprobar en nome das Cortes Xerais un ditame motivado sobre a aplicación do principio de subsidiariedade polos proxectos de actos legislativos da Unión Europea, de conformidade co establecido na súa normativa, corresponderalle con carácter xeral á Comisión Mixta para a Unión Europea das Cortes Xerais.

2. Non obstante o disposto no número anterior, os plenos do Congreso dos Deputados e do Senado poderán avocar o debate e a votación do ditame elaborado pola Comisión Mixta para a Unión Europea nos termos previstos nos respectivos regulamentos das cámaras. Se un dos plenos das cámaras avocase a súa competencia para a aprobación do ditame motivado, a Comisión Mixta para a Unión Europea deberá someter a súa proposta de ditame motivado aos plenos de ambas as dúas cámaras.

3. Os ditames motivados aprobados pola Comisión Mixta, ou polos plenos das cámaras, serán remitidos por conduto dos presidentes do Congreso dos Deputados e do Senado aos presidentes do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión Europea, no prazo máximo de oito semanas desde que foi transmitido o proxecto de acto lexislativo europeo ás cámaras. Así mesmo, serán trasladados ao Goberno para o seu coñecemento.

#### Artigo 6.

1. O Congreso dos Deputados e o Senado, tan axiña como reciban unha iniciativa lexislativa da Unión Europea, remitirana aos parlamentos das comunidades autónomas, sen prexulgar a existencia de competencias autonómicas afectadas, para os efectos do seu coñecemento e de que, se é o caso, poidan remitir ás Cortes Xerais un ditame motivado sobre a aplicación do principio de subsidiariedade pola referida iniciativa, todo isto de conformidade co disposto na normativa europea aplicable na materia.

2. O ditame motivado que, se é o caso, poida aprobar o Parlamento dunha comunidade autónoma, para que poida ser tido en consideración, deberá ser recibido no Congreso dos Deputados ou no Senado no prazo de catro semanas desde a remisión da iniciativa lexislativa europea polas Cortes Xerais.

3. Se a Comisión Mixta aprobase un ditame motivado sobre a vulneración do principio de subsidiariedade por un proxecto de acto lexislativo da Unión Europea, incorporará a relación dos ditames remitidos polos parlamentos das comunidades autónomas e as referencias necesarias para a súa consulta.

#### Artigo 7.

1. A participación das Cortes Xerais na interposición dun recurso de anulación ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por infracción do principio de subsidiariedade, prevista no Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade anexo ao Tratado de Lisboa, articularase de acordo co disposto neste artigo.

2. No prazo máximo de seis semanas desde a publicación oficial dun acto lexislativo europeo, a Comisión Mixta para a Unión Europea poderá solicitar do Goberno a interposición ante o Tribunal de Xustiza dun recurso de anulación contra o dito acto por infracción do principio de subsidiariedade.

3. O Goberno poderá descartar, de forma motivada, a interposición do recurso de anulación solicitado por algunha das cámaras ou pola Comisión Mixta para a Unión Europea. Esta decisión deberase xustificar mediante a comparecencia do Goberno ante a Comisión Mixta para a Unión Europea, cando esta así o solicite.»

Cinco. Engádesse un novo capítulo III coa rúbrica «Outros procedementos especiais», co seguinte contido:

#### «Artigo 8.

1. A oposición das Cortes Xerais ás iniciativas tomadas polo Consello Europeo de autorización ao Consello para que se pronuncie por maioría cualificada en lugar de por unanimidade, ou para que adopte actos lexislativos polo procedemento lexislativo ordinario, en vez de por un procedemento especial, en exercicio da

habilitación establecida no artigo 48.7 do Tratado da Unión Europea, corresponderá aos plenos do Congreso dos Deputados e do Senado, por proposta da Comisión Mixta para a Unión Europea.

2. Se os plenos do Congreso dos Deputados e do Senado ratificaren a proposta de oposición á iniciativa do Consello Europeo, a dita decisión tramitarase nos termos que regulamentariamente se determinen con traslado ao Goberno para o seu coñecemento.

3. O mesmo procedemento será aplicable á oposición das Cortes Xerais ás decisións do Consello relativas á determinación dos aspectos do dereito de familia con implicacións transfronteirizas que poidan ser obxecto de actos adoptados mediante o procedemento lexislativo ordinario conforme o disposto no artigo 81.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Artigo 9.

A participación das Cortes Xerais na avaliación das actividades de Eurojust e na supervisión política de Europol realizarase con carácter xeral a través da Comisión Mixta para a Unión Europea e, de ser o caso, coa intervención das comisións lexislativas competentes de cada cámara.»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO